- CA7.2 Recoñecéronse os métodos de execución de guións.
- CA7.3 Identificáronse as ferramentas dispoñibles para editar guións.
- CA7.4 Escribíronse secuencias de comandos e ficheiros de procesamento por lotes para automatizar tarefas.
- CA7.11. Utilizáronse cursores.
- CA7.12. Documentáronse os guións codificados, e indicáronse as tarefas que automatizan e os resultados que producen.

UD8. Procedementos almacenados

- CA7.5 Creáronse, modificáronse e elimináronse procedementos almacenados.
- CA7.6 Empregáronse parámetros no deseño de procedementos almacenados.
- CA7.7 Detectáronse e tratáronse erros ao executar procedementos almacenados.
- CA7.12. Documentáronse os guións codificados, e indicáronse as tarefas que automatizan e os resultados que producen.

UD9. Funcións definidas polo usuario

- CA7.8 Usáronse as funcións proporcionadas polo sistema xestor.

CA7.9 Definíronse funcións de usuario.

CA7.12. Documentáronse os guións codificados, e indicáronse as tarefas que automatizan e os resultados que producen.

UD10. Disparadores

CA7.10 Definíronse disparadores.

CA7.12. Documentáronse os guións codificados, e indicáronse as tarefas que automatizan e os resultados que producen.

UD 11. Tarefas de administración de bases de datos

CA4.13. Índices: características.

CA8.1 Identifícanse ferramentas para a administración de copias de seguridade.

CA8.2 Realizáronse e restauráronse copias de seguridade.

CA8.3 Identifícanse as ferramentas para vincular, importar e exportar datos.

CA8.4 Exportáronse datos a diversos formatos.

CA8.5 Importáronse datos con distintos formatos.

CA8.6 Transferiuse información entre sistemas xestores.

CA8.7 Xestionáronse os usuarios e os seus privilexios.

CA8.8 Creáronse índices para mellorar o funcionamento da base de datos.

CA8.9 Utilizáronse asistentes, ferramentas gráficas e a linguaxe de control de datos.

CA8.10 Interpretouse a documentación técnica do SXBD nos idiomas máis empregados pola industria.

UD12. Bases de datos non relacionais

CA9.1 Identifícanse as características das bases de datos obxecto-relacionais.

CA9.2 Creáronse tipos de datos obxecto, os seus atributos e os seus métodos.

CA9.3 Creáronse táboas de obxectos e táboas de columnas tipo obxecto.

CA9.4 Creáronse tipos de datos colección.

CA9.5 Realizáronse consultas.

CA9.6 Modificouse a información almacenada mantendo a integridade e a consistencia dos datos.

5.2. Criterios de cualificación

5.2.a. Cualificación de cada avaliación

A cualificación de cada trimestre será o resultado das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

-- 1ª AVALIACIÓN

* Apartado A: 90%

» Instrumentos de avaliación:

- Exames da avaliación: Faranse varias probas, cada unha delas composta por unha parte escrita (15% da nota) e outra práctica en ordenador (85%) sobre os contidos estudados no primeiro trimestre.

» Observacións:

- Cada proba do exame valorarase de 0 a 10 puntos.

- Para que os exames sexan superados terán que estar aprobadas as súas partes. Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

* Apartado B: 10%: Se non se solicitasen traballos este 10% engádese ao apartado A

» Instrumentos de avaliación:

- Traballos do alumnado individuais e en grupo. (Todos os traballos son de entrega obrigatoria).

» Observacións:

- Os traballos valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais. Para que un traballo sexa valorado deberá estar entregado en tempo e forma previamente indicados.

Nota 1ª avaliación= (Apartado A x 0.90) + (Apartado B x 0.1)

-- 2ª AVALIACIÓN

* Apartado A: 90%

» Instrumentos de avaliación:

- Exames da avaliación: Faranse varias probas, cada unha delas composta por unha parte escrita (15% da nota) e outra práctica en ordenador (85%) sobre os contidos estudados no segundo trimestre.

» Observacións:

- Cada parte dos exames valorarase de 0 a 10 puntos.

- Para que as probas sexan superadas terán que estar aprobadas as dúas partes. Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

* Apartado B: 10%: Se non se solicitasen traballos este 10% engádese ao apartado A.

» Instrumentos de avaliación:

- Traballos do alumnado individuais e en grupo.

» Observacións:

- Os traballos valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais. Para que un traballo sexa valorado deberá estar entregado en tempo e forma previamente indicados.

Nota 2ª avaliación= (Apartado A x 0.90) + (Apartado B x 0.1)

-- 3ª AVALIACIÓN

* Apartado A: 90%

» Instrumentos de avaliación:

- Exames da avaliación: Faranse varias probas, cada unha delas composta por unha parte escrita (15% da nota) e outra práctica en ordenador (85% da nota) sobre os contidos estudados no terceiro trimestre.

» Observacións:

- Cada parte dos exames valorarase de 0 a 10 puntos.

- Para que as probas sexan superadas terán que estar aprobadas as dúas partes. Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

* Apartado B: 10%: Se non se solicitasen traballos este 10% engádese ao apartado A.

» Instrumentos de avaliación:

- Traballos do alumnado individuais e en grupo.

» Observacións:

- Os traballos valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais. Para que un traballo sexa valorado deberá estar entregado en tempo e forma previamente indicados.

Nota 3ª avaliación= (Apartado A x 0.90) + (Apartado B x 0.1)

-- AVALIACIÓN FINAL

» Instrumentos de avaliación:

- Exame final do módulo: Este exame final dividirase en 3 probas cada unha con dous apartados:

* Parte escrita (15%) e outra parte práctica no ordenador (85%) sobre os contidos estudados no primeiro trimestre.

* Parte escrita (15%) e outra parte práctica no ordenador (85%) sobre os contidos estudados no segundo trimestre.

* Parte escrita (15%) e outra parte práctica no ordenador (85%) sobre os contidos estudados no terceiro trimestre.

» Observacións:

- A este exame só se poderá presentar o alumnado que teña algunha parte pendente e só realizará as partes que non tivera superado anteriormente.

- Cada proba do exame valorarase de 0 a 10 puntos.

- Para que o exame sexa superado terán que estar aprobadas todas as partes ás que se presenta cada alumno/a. Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

** ACLARACIÓNS IMPORTANTES:

- Todos os traballos son de entrega obrigatoria. Ao alumnado que non entregue ou non obteña unha avaliación positiva nos traballos entregados, poderá pedírselle no exame de avaliación unha parte específica sobre o traballo non entregado.

- As partes aprobadas (cuestionarios/prácticas) manteranse aprobadas ata a avaliación final. É dicir, o alumnado só terá que recuperar aquelas partes nas que obtivese menos de 5 puntos sobre 10.

5.2.b. Cualificación final

» Alumnado coas tres avaliacións superadas:

- A cualificación final será a media das tres avaliacións.

» Alumnado coas partes suspensas recuperadas no exame final do módulo:

- Para calcular a nota substituiremos na fórmula da avaliación correspondente, a nota obtida na recuperación da mesma, e a cualificación final será a media das tres avaliacións.

» Alumnado con partes NON recuperadas no exame final do módulo:

- A cualificación final será de suspenso. A nota máxima que poderá recibir o alumno será un 4, aínda cando a media das tres avaliacións iguale ou supere o 5.

5.2.c. Recuperación das partes non superadas

- O alumnado que nalgunha proba non acadase un 5 deberá presentarse á correspondente proba de recuperación.

- Como mínimo haberá un exame final do módulo en xuño no que o alumnado poderá recuperar calquera parte teórica ou práctica dos exames parciais do módulo.

5.2.d. Actividades de recuperación de alumnado promocionado a 2º curso

» Alumnado que asiste a clase:

Realizará os mesmos traballos, probas e exames que o resto do alumnado do grupo, e será cualificado seguindo os mesmos criterios.

» Alumnado que non asiste a clase:

Visto o informe das partes non superadas indícaráselle ao alumnado como debe recuperalas.

O alumnado deberá entregar os traballos teóricos e prácticos que a profesora poida plantexar. Durante o curso proporcionaranse apuntamentos e tarefas cuxas especificacións subiranse na aula virtual. Será responsabilidade do alumnado verificar semanalmente os traballos a entregar.

Ademais o alumnado nesta situación realizará un exame no mes de marzo que constará das seguintes probas (só terá que realizar as que se correspondan cos CAs das partes non superadas):

- Parte escrita test e outra práctica escrita sobre os contidos estudados no primeiro trimestre.
- Parte escrita e outra práctica no ordenador sobre os contidos estudados no segundo trimestre.
- Parte escrita e outra práctica no ordenador sobre os contidos estudados no terceiro trimestre.

Se o exame de marzo non é superado, repetirase un exame no mes de xuño coas mesmas partes.

» Cualificación final (CF):

Para superar o módulo terán que estar superadas (nota >= 5) todas as partes de cada avaliación e entregados en tempo e forma todos os traballos. Para calcular a nota empregárase a seguinte fórmula:

$$CF = (Nota\ 1^a\ avaliación + Nota\ 2^a\ avaliación + Nota\ 3^a\ avaliación) / 3$$

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para determinar que actividades de recuperación deberá facer o alumno comprobarase que avaliación/s ten suspensas. Unha vez determinadas as unidades didácticas das avaliacións non superadas, o alumnado fará as actividades de cada unha delas.

A continuación especificanse as actividades de recuperación para cada unidade de traballo, para poder avaliar os contidos conceptuais e procedimentais.

* UD1. Sistemas de almacenamento da información

Realización dun esquema-resumo sobre o contido da unidade didáctica.

* UD2. Modelo Entidade/Relación (ER)

Dados distintos supostos de sistemas de información de diferentes universos do discurso- deseñar un dos posibles diagramas EE-R.

* UD3. Modelo Relacional (MR)

Obter os esquemas relacionais normalizados correspondentes a diferentes modelos EE-R, xa resoltos nas actividades das dúas anteriores unidades de traballo.

A partires de esquemas relacionais plantexados, resolución de consultas empregando álgebra relacional.

* UD4. Deseño físico da BD (DDL)

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, resolver consultas DDL para ese modelo.

* UD5. Recuperar información da BD (DML)

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, resolver consultas DML de recuperación de información para ese modelo.

* UD6. Actualización da información da BD (DML)

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, resolver consultas DML de modificación de información para ese modelo.

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, resolver consultas TPL de xestión de transaccións para ese modelo.

* UD7. Introducción á programación das bases de datos

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, realización de exercicios nos que se piden lotes de sentenzas, especialmente traballo con cursores. Deberán documentarse adecuadamente.

Ademais o alumnado terá que realizar un esquema coa sintaxe estudada nesta unidade didáctica con exemplos para cada instrución.

* UD8. Procedementos almacenados

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, desenvolvemento de procedementos almacenados. Deberán documentarse adecuadamente.

Ademais de exercicios de creación de procedementos almacenados, o alumnado deberá realizar os correspondentes de execución, modificación e eliminación.

* UD9. Funcións definidas polo usuario

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, desenvolvemento de funcións. Deberán documentarse adecuadamente.

Ademais de exercicios de creación de funcións, o alumnado deberá realizar os correspondentes de uso, modificación e eliminación.

* UD10. Disparadores

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, desenvolvemento de disparadores e terá que propoñer sentenzas que os dispararían. Deberán documentarse adecuadamente.

* UD11. Tarefas de administración de bases de datos

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, o alumnado terá que facer copias de seguridade, restaurar copias xa feitas e importar, exportar e vincular datos doutras bases de datos para a base de datos de traballo.

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, o alumnado terá que xestionar usuarios, privilexios e roles.

A partires dalgún modelo relacional sobre o que o alumno xa tivera traballado, e dada a BD dese modelo implementada no xestor MS SQL Server, o alumnado terá que crear índices que melloren o rendemento de consultas dadas.

* UD12. Bases de datos non relacionais

Elaboración dun traballo nun documento e texto (*.docx ou *.odt) co seguinte contido:

- tipos e características das bases de datos non relacionais,
- bases de datos non relacionais máis empregadas,
- información máis detallada dun xestor de bd non relacional a elección do alumnado (instrucións de creación de BD, consultas de recuperación e de modificación da información).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

De acordo coa normativa vixente, o alumnado que teña máis do 10% de faltas de asistencia, perderá o dereito a avaliación continua (exames parciais da 1ª, 2ª e 3ª avaliación) e terá que ser avaliado ao final do ciclo. Este módulo é de 187hh que se imparten en 224 sesións de 50 minutos, polo que todos os alumnos que se ausenten máis de 23 sesións perderán o dereito a avaliación continua.

Estes alumnos realizarán unha proba específica ao final do curso dividida en varias partes (que poderán ser realizadas en distintos días segundo a extensión das mesmas):

- parte escrita na que se incluírán preguntas teóricas e exercicios prácticos sobre os contidos conceptuais das unidades didácticas e,
- outra proba no ordenador na que se avaliará o manexo do sistema xestor de base de datos MS-SQL Server®, de acordo cos contidos das unidades didácticas.
- Presentación ante o docente dun ou varios traballos prácticos cuxas especificacións serán indicadas previamente ao alumno/a.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Considerando que a programación é un documento que se elabora ao comezo do curso escolar estará sempre aberta a calquera modificación baseándonos en diferentes factores que se inclúen no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Avaliaremos os procesos de avaliación, técnicas e métodos, temporalización e momentos de aplicación, os recursos dos que dispoñemos e a metodoloxía.

* Unidades didácticas:

Máis polo miúdo, ao remate de cada unidade didáctica analizaremos:

- contidos: na programación do vindeiro curso incluíranse novas actividades para aqueles contidos que supuxeron maior dificultade de aprendizaxe para o alumnado.

Engadiranse tamén os contidos de ampliación tratados, se houbo algún. Terase en conta tamén o cambio de aqueles contidos que se deciden impartir noutra unidade didáctica.

- actividades: eliminaranse da nova programación as actividades que non se realizaron por considerarse redundantes ou innecesarias, e incorporaranse todas as novas que o docente considerou necesarias para acadar os obxectivos da unidade, así como a modificación das xa existentes.

- recursos: na programación vindeira incluíranse os recursos empregados que non se tiveran en conta ao facer a programación actual. Aqueles non usados indícarase que son opcionais.

Se algún recurso necesario non se puido empregar por non existir no centro, solicitarase a súa compra nunha reunión de departamento. Na programación do curso seguinte comprobarase a dispoñibilidade dese recurso para incluílo ou non na mesma.

- metodoloxía: a metodoloxía empregada para o desenvolvemento de cada unidade didáctica traballo baséase principalmente na exposición por parte do docente da parte teórica e de exemplos de actividades, e a realización do alumnado de tarefas e traballos sobre os contidos expostos.

Se houbo algún cambio na metodoloxía que fixo que o alumnado acadase os obxectivos da UD de xeito máis doado, incorporárase á nova programación.

- temporalización: o número de sesións asignadas axustaranse ao tempo real empregado na unidade didáctica.

* Avaliacións:

Ademáis, ao remate de cada trimestre, revisarase o proceso de avaliación, axustando o tipo e número de instrumentos de avaliación e en consecuencia as porcentaxes e xeito de calcular as cualificacións parciais e final.

* Seguimento desde a aplicación de programacións de FP:

O procedemento sobre o seguimento da programación a través da aplicación informática para a xestión das programacións será a utilización da opción "Seguimento de programacións".

No seguimento da aplicación por cada Unidade Didáctica indícarase:

- Data de inicio da impartición da unidade didáctica.
- Data de finalización da impartición da unidade didáctica.
- Sesións realizadas.
- Comentario xeral da unidade didáctica.
- Propostas xerais de mellora.
- Grao de cumprimento.

O seguimento da unidade didáctica complétase con información por cada unha das actividades programadas, así por cada actividade pódense rexistrar:

- Sesións realizadas nesa actividade.
- Comentario xeral da actividade.
- Propostas xerais de mellora.

Coa finalidade de ir axustando o programado inicialmente á realidade de ensinanza aprendizaxe do curso académico, existe a posibilidade de "engadir nova actividade de seguimento", que permite deseñar unha nova actividade en substitución doutra, complementar a unidade didáctica ou calquera outro motivo que se considere oportuno.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso o alumnado encherá unha ficha que permitirá ao profesorado avaliar os coñecementos previos do alumnado sobre o módulo. Esta proba non será cualificable e só se terán en conta os resultados para adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dentro dun grupo de alumnos/as adoitan presentarse varios niveis que, simplificando, resumiranse en tres: nivel medio, por baixo da media, e por riba da media.

-- As exposicións teórico-prácticas e a realización de prácticas propostas diríxense ao conxunto do alumnado. Porén, prevese un tempo, que será concretado polo profesorado segundo a marcha real das clases, para adicalo á atención diferente que requiren os niveis fóra da media.

-- Para o alumnado por baixo da media o profesorado fará explicacións máis detalladas, deténdose nos puntos onde se detectou dificultade na comprensión, e propondrá exercicios de reforzo dos conceptos vistos, abondando nos puntos cruciais.

- Para o alumnado por riba da media proporá exercicios de maior dificultade que os presentados ao conxunto do alumnado, a busca de información para a ampliación de temas xa tratados, e o tratamento de temas de interese relacionados aínda que non incluídos nos contidos do módulo.
- Establecer grupos de traballo heteroxéneos formados por alumnos/as con coñecementos previos diferentes, co obxecto de fomentar os procesos de aprendizaxe entre o alumnado.
- Atención especial ao alumnado con deficiencias de comprensión e seguimento de contidos.
- Coordinación de accións co Departamento de Orientación naqueles casos que se considere necesario.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores na Formación Profesional está dirixida ao desenvolvemento da cultura profesional. A sociedade require algo máis que persoas adestradas para a función específica do mundo do traballo. Necesita profesionais con motivacións e capacidades para a actividade creadora e independente, tanto no desempeño laboral como investigador, ante os desafíos do coñecemento e información científico-técnica e da realización do seu ideal social e humano.

A formación integral e especializada son dous piares da profesionalidade.

A personalidade profesional maniféstase a través do conxunto de rasgos presentes no individuo, na actividade profesional, nos marcos de determinada comunidade e contexto;

O profesorado fomentará:

- O amor á actividade profesional.
- O sentido de respecto socio-profesional.
- O estilo de busca profesional creativo-innovador.
- A comunicación interpersonal. Compañeirismo.
- Elevar a calidade profesional na solución de problemas.
- Responsabilidade.
- Honestidade.

Tendo en conta que unha das nosas metas é a formación integral do alumnado, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo:

- * Educación ambiental: Evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio natural e o perigo de determinados residuos informáticos.
- * Educación moral e cívica: Axustarse á lexislación en todo o relacionado, por exemplo, co respecto da propiedade intelectual do software, o uso adecuado da Internet...
- * Educación para a paz e a convivencia: Promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto a regras de convivencia no día a día da aula.
- * Educación do consumidor: Existe gran diversidade de empresas comerciais e diversidade de produtos. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Esixir unha documentación correcta e adecuada as

empresas subministradoras. Aprendizaxe para a toma de decisións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ao alumnado dos ciclos de informática e tódalas actividades propostas polo Departamento de Informática.

O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, que ou ben se planifiquen polo departamento ou ben vaian xurdindo no ámbito social e sexan consideradas de interese.

Non se programaron actividades específicas para este módulo, fomentárase a participación do alumnado en:

- * Actividades programadas polo departamento de Informática.
- * En colaboración co departamento de orientación:
 - Actividades de promoción da cultura emprendedora.
 - Actividades de preparación para o tránsito á vida laboral.
 - Actividad de achegamento da universidade ao alumnado.